



**INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE E IDONEIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS (EXPTE NÚM. 21243-333).**

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

O presente contrato se trata da **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS.**

**1.-Natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse.**

**Antecedentes:**

Na actualidade a Concellería de deportes ten a necesidade de contar con dúas casetas, unha no campo de fútbol do Carballal e outra nas pistas de atletismo en Balaídos. Estas casetas que serían utilizadas polo persoal de conserxería, son esenciais para o traballo diario do Servizo de Deportes nas ditas instalacións, en tanto en canto non se podan acometer obras de construción de módulos de edificación.

A Concellería de Deportes, no seu ámbito de responsabilidade na dinamización e impulso do deporte na cidade de Vigo nas súas diferentes manifestacións, e como parte fundamental das súas funcións, debe dotar ás instalacións deportivas de todas aqueles equipamentos que garantan a súa funcionalidade e operatividade.

Polo exposto, e tendo en conta as obrigas derivadas da acción de xestión deportiva que a Concellería de Deportes desenvolve, faise necesario proceder á **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN**

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS.

## **2.- Datos do contrato, necesidade e idoneidade.**

En relación coa xustificación da necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), dispón no artigo 28, "as entidades do sector público no poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade e do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de elo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a súa adxudicación."

Tendo en conta os antecedentes descritos e o interese que ten para a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, considérase necesario proceder á tramitación dun expediente de contrato maior de subministros dos regulados no artigo 16 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do sector público, que permita á Concellería afrontar o importe derivado da contratación de servizo para a **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS**. Cómpre indicar que o obxecto desta contratación está detallado entre as competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Estímase, en consecuencia, que as necesidades ás que se pretende dar satisfacción mediante as devanditas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato é directa, clara e proporcional polos motivos expostos, xustificándose suficientemente no expediente de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP.



Dado que se trata dun contrato de subministros cun valor estimado inferior a 35.000 €, o procedemento de contratación elixido será o aberto supersimplificado, de acordo co que dispón o artigo 159.6 LCSP.

### **Obxecto contrato:**

Subministro en réxime de aluguer de dúas casetas para a súa colocación no campo de fútbol do Carballal e nas pistas de atletismo en Balaídos.

As casetas, obxecto do contrato, deberán ter as seguintes características:

- Dimensións máximas: 4,0 metros de longo x 2,35 metros de altura.
- Deberán contar cunha porta de acceso e ventá.
- Deberán dispór de aire acondicionado.

En canto ao tipo do contrato, debemos de referirnos ó propio obxecto do mesmo, do cal despréndese que dito obxecto enmárcase no contrato de Subministros de acordo co estipulado no artigo 16 da ley 9/2017 de contratos do sector público.

### **Financiamento do contrato:**

O contrato financiarase con cargo a partida orzamentaria 3420.2080000 correspondente a "outro material" do orzamento vixente da Concellería de Deportes na que existe crédito adecuado e suficiente.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 l) "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación SI (si/non). A súa anualidade media coincide Si coa do contrato vixente:

- En termos de licitación: NON
- En termos de adxudicación: NON

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolución da Alcaldía e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019, respectivamente, elévase ao concelleiro-delegado de Deportes, a seguinte:

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

Iniciar o expediente administrativo para a **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAIÓDOS**

Vigo, na data da sinatura dixital

RPB/rc

O xefe do Servizo de Deportes-director deportivo  
Rubén Peña Barceló

### **DECRETO**

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade.

O concelleiro-delegado de Deportes  
José Manuel Fernández Pérez

Dou fe,  
A Secretaria de Administración municipal  
Susana Gallardo Fariña